

## Dous milagres e un misterio sen resolver: a morte de Ranqueta (II)

O rico industrial Joaquín Francisco Graña apareceu morto no medio da ría antes do Nadal de 1905 e nunca se chegou a aclarar que foi o que aconteceu



O cadáver foi recoñecido no porto de Vigo como o de Joaquín Francisco Graña, máis coñecido como Ranqueta..

Xerardo Dasairas\*

07-03-21 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2021/03/07/dous-milagres-misterio-sen-resolver-39124182.html>

O profesor e investigador **Xerardo Dasairas** achegaba na entrega anterior unha colaboración sobre **a coñecida como “A Santa de Rodeira”**. Agora completa esta aportación cun traballo sobre outro suceso aínda sen explicación e moi sonado **hai xa máis de 120 anos en Cangas**: a morte do coñecido industrial da salazón **Joaquín Francisco Graña Fandiño**, que foi atopado aboiando no medio da ría á primeira hora da tarde do 19 de decembro de 1905. As estranas circunstancias que a rodearon a súa morte foron caldo de cultivo para **numerosas teorías e sospeitas de que se tratou dun crime**.

Francisco Graña era un **acaudalado industrial da salga**, residente en Cangas, cuxa memoria **perdura no panteón chamado de “Ranqueta”**, o se alcume popular, que en 1873 lle encargara ao **mestre canteiro Ignacio Cerviño**. A súa morte levaríao a ocupalo prematuramente e hoxe, máis dun século despois, este feito segue sen esclarecer.

Ás catro da tarde do **martes 19 de decembro de 1905**, a traiñeira “Peregrina” que retornaba coa pesca a Vigo, atopou aboiando no medio da ría o cadáver dun home que non tiña pinta de mariñeiro e trasladárono ata o porto remolcado de popa. O cabo de matrículas señor Millán fíxose cargo do **corpo ao que lle faltaban os ollos, arrincados seguramente polas gavotas**. Vestía de traxe (terno) e gabán escuros e sombreiro flexible escuro, que o acreditaban como unha persoa adiñeirada.

Vestía de traxe (terno) e gabán escuros e sombreiro flexible escuro, que o acreditaban como unha persoa adíñeirada [...] Atoparon tres cartas, dúas letras de cambio para negociar, unha cadeíña con algunhas chaves e unha peseta e seis céntimos en calderilla.

O oficial procedeu ao rexistro das suas roupas, atopando tres cartas, dúas letras de cambio para negociar, unha cadeíña con algunhas chaves e unha peseta e seis céntimos en calderilla. Unha das persoas que se achegaron ao lugar, o señor Sitjá, **consignatario do barco “Tordera” pronto recoñeceu ao morto** que veu ser o coñecido e acaudalado fabricante Joaquín Francisco Graña Rodal, residente en Cangas, casado con Josefa Prego e con catro fillos.

O señor Graña “Ranqueta” (quizáis porque **ranqueaba un pouco ao andar**) era propietario de **dúas fábricas de salga, unha en Beluso e outra en Domaio**, a finca “Giralda” e un comercio en Cangas onde entre outros produtos, vendía viño. Ademáis do panteón, que é unha das mellores pezas funerarias do cemiterio cangués de Altamira, tamén sabemos que durante as estadias do **coñecido pintor madrileño Gabriel Palencia y Urbanell**, relacionado coa Casa Real, este lle fixera un retrato por encargo. Existe tamén o relato de que a figura do cireneo que aparece no Encontro da Semana Santa e coñecida popularmente como **“Francisquiño da ferramenta” é unha reprodución de Francisco Graña** cando era novo, agasallo de Cerviño por terlle dado o traballo do panteón. Como fose, nesta altura o noso persoeiro era alto, forte e con bigote, gozando de moita consideración e aprezo en Cangas pola sua afabilidade e gustaba de ir sempre ben traxeado.




O panteón de Ranqueta, feito en 1899 polo mestre Ignacio Cerviño.

O cadáver do señor Graña foi **trasladado ao cemiterio de Pereiró** para proceder á sua autopsia que estaba fixada para as oito da tarde, chegando a Vigo familiares e parentes seus para coñecer as conclusións da mesma e trasladar o corpo a Cangas. Porén, esta aprazaríase para o día seguinte, mércores ás dez da mañá pero os familiares aproveitaron para facer as xestións do traslado do cadáver a Cangas ante o comandante de Mariña señor Ruiz Rivera, quen mediante telegramas obtivo o permiso do gobernador. Entanto, **as sospeitas de que fora un crime aumentaban** e que o móbil fora o roubo xa que o señor Graña, segundo era habitual, adoitaba levar sempre catrocentas ou cincocentas pesetas na carteira e só aparecera a escasa cantidade atopada no primeiro rexistro.

### Primeira reconstrución dos feitos

Baixo investigación xudicial realizaríanse diversas pesquisas cuxo relatorio remataba ás seis da tarde do luns, mais outro tipo de especulacións viñeron enguedellar máis o asunto. Polo que se soubo, o señor Graña **marchou a Vigo o luns**

no vapor das dez da mañá e antes de subir saudou e falou co notario da vila Julio Alonso, Apolinar Chapela e Benito Martínez que era o encargado da sua fábrica de Beluso. As súas viaxes a Vigo, onde era moi coñecido, facíaas con certa frecuencia para realizar pagos e cobros, negociar letras ou facturar os produtos das suas fábricas. Suponse que estivo nestes asuntos **unha parte da mañá e despois estivo na barbería do señor Rivas** afeitándose, despois do que foi xantar a algunha casa de comidas pois adoitaba cambiar de local cada vez que ía a Vigo. Logo sóbose que foi tomar café ao Colón pois alí topou co xastre de Cangas, Arturo García, co que departiu un rato, despedíndose logo.



A esquela de Joaquín Francisco Graña Fandiño, publicada na prensa o 22 de decembro de 1905.

Esta testemuña dixo que o atopara ben de ánimo e que **non o vira con ganas de se suicidar**. Ás seis da tarde Graña dirixiuse ao Berbés a visitar a un moi amigo seu chamado José Cameselle Grandal que era carpinteiro e co que adoitaba ir a mercar viño a diversas zonas. Este tiña un establecemento de viños e xantares e alí estivo agardando por el, falando coa súa muller e enredando cos fillos ata que se oíu a buguina dun vapor e dixo que marchaba. A señora tentou retelo pois xa era noite e chovía e díxolle que a buguina era dun bou. Con todo, Graña marchou con **rumbo á dársena cando serían as seis e media** coa suposición de que iría para Cangas.

### Bulos e mentideiros

Unha das versións que correron pola cidade **ubicárono ata as dez da noite no Café de la Marina vigués**, asunto que desmentiu o persoal, e incluso un armador amigo del que estivo alí ata esa hora dixo que de velo, aproveitaría para falar con el da compra dun barco de pesca a medias. **Outra noticia falsa** falaba de que o viran sobre as sete da tarde no espigón do muelle e que buscaba a alguén que o levase a Cangas ao que se ofreceron dous homes e unha muller que estaban alí co que se alimentaba a teoría do asasinato. Porén, o garda municipal de servizo na zona declararíase que non soubo de ninguén que andivese buscando barco para Cangas.

Máis inverosímil foi o relato que o colocaba na lonxa do Berbés **ás cinco da mañá do luns**, mediando nunha trifulca entre un mariñeiro e un descargador de peixe por terlle chamado aquel escabicheiro. Díxose que no asunto mediou o garda municipal Carlos Pardo pero aquel mariñeiro, birollo por máis señas, llas xurara ao Graña se o atopaba. Porén, este Graña levaba boina escura e o Francisco Graña saíra

de Cangas ás dez sendo imposible que estivese a esa hora en Vigo, asunto que tamén desmentiría o garda municipal ao asistir á autopsia.

**Máis inverosímil foi o relato que o colocaba na lonxa do Berbés ás cinco da mañá do luns, mediando nunha trifulca entre un mariñeiro e un descargador de peixe por terlle chamado aquel escabicheiro.**

Outro relato sobre o asunto veu da man dun rapaz mariñeiro, Vicente Iglesias, que xogaba cun compañeiro na dársena e que dixo que dous homes se achegaron a eles preguntándolles se habería unha embarcación que os levase a Cangas... Contaron os rapaces que canda eles viña un señor que se sentou no espigón e que viron como **unha muller de vida airada** se achegou a el e que os rapaces identificaron como unha das residentes **nunha pousada non santa rexentada pola "Paxareta"**. Logo disto, oiron que os tres homes marcharon, dicindo que ían tomar un café. A **desaparición dunha lancha de salvamento** do porto naquela noite tamén fixo que se especulase se tiña algo que ver co crime.

### **Máis informacións**

Mentres que a voz popular insistía no asasinato, o certo é que outros datos, estes contrastados, colocaban a Francisco Graña, sobre as sete e media no **establecemento de ultramarinos que tiña na rúa do Príncipe, Francisco García Celada**, tamén moi coñecido del pola compra de viño no Ribeiro. Este señor dixo que bebera varios vasos de viño branco que acabaron manifestándose na súa maior locuacidade, e que saiu de alí despois das dez da noite con rumbo á fonda de Andrés López na que estivo ata as doce. Logo, saiu de novo á rua, acompañado esta vez dun coñecido e **foron ao Café Suízo** onde tomou un café sen azúcar.

Segundo o dono do Suízo, estiveron alí pouco máis dun cuarto de hora e sábese que Graña, retornou á fonda, segundo acreditou o dono da mesma, pero tamén dixo que **se puxera un pouco impertinente**, seguramente afectado polas libacións e que sobre as dúas da madrugada volveu saír. O testemuño do garda municipal Indalecio Mera que facía a ronda en Príncipe e que xa o vira sair antes do café Suízo, ubicaba nesta última hora das dúas da madrugada, ao señor Graña dirixíndose cara a Porta do Sol pois identificouno por levar gabán, sombreiro flexible e un paraugas aínda que non pudo apreciar a cor do traxe.

**Parece estivo no Café Suízo e cando retornou a fonda estivo un pouco impertinente, seguramente afectado polas libacións.**

O mércores, ás dez da mañá tivo lugar a autopsia en Pereiró, realizada polos médicos da Comandancia de Mariña señor Artime e do Reximento Murcia señor Martín, asistindo a estes o alumno de medicina señor Millán e con outras persoas e familiares presentes que agardaban os resultados. Neste proceso **tamén se aclarou que non levaba reloxo nunca**, aínda que tiña dous, pero que como eran moi caros nunca os levaba.



Recreación del vapor Marcelino Barreras y la lancha con el féretro

Tamén, antes de comezar a autopsia, realizaron **un novo rexistro das roupas**, atopando varias cartas e a súa cédula (carné desta época) que indicaba que tiña 34 anos pero segundo os seus coñecidos botábanlle corenta e pico. O ditame final da autopsia concluiu que practicamente non inxerira alimentos nas últimas horas e que **o falecemento foi debido a unha conmoción cerebral**, sen especificar a causa e que quizáis por culpa da mesma caeu ao mar, afogando ao ser arrastrado polas correntes.

Por este impreciso ditame, os familiares e sobre todo os mentideiros de Vigo (as redes sociais da época) insistirían na tese do asasinato polos cartos, pois o cadáver aparecera aboiano, circunstancia que **confirmaba que a morte aconteceu en terra ou nunha embarcación**, sendo lanzado logo o cadáver ao mar. Incluso, se a conmoción se produciu de forma natural, non hai dúbida de que o morto **fora desvalixado antes de ser guindado ao mar**.

**As conclusións pouco concluíntes da autopsia, debaténdose entre a morte natural e o asasinato, promoveron numerosos comentarios e teorías. Aínda hoxe a súa morte segue sen aclarar.**

Despois da **pouco concluínte autopsia** e debaténdose aínda entre a morte natural e o asasinato, os familiares trasladaron o corpo desde Pereiró ata o muelle nunha carroza que ía acompañada polos seus amigos e familiares **Rafael Graña, José Molares, Manuel Lagoa e o señor Pastoriza Fresquet**, seguida dun numeroso acompañamento de xentes de Cangas. Ás catro da tarde embarcaron o féretro nunha lancha na que ían os familiares e esta foi **remolcada polo vapor “Marcelino Barreras”** no que ían os veciños asistentes ao traslado. Unha gran multitude agardaba na chegada ao porto de Cangas onde unha vez baixado o ataúde se organizou a comitiva cara o cemiterio, presidindo o duelo o cura de Aldán Manuel Fandiño, Manuel Piñeiro del Río e Antonio Caamaño con todos os curas das parroquias e os familiares. Acompañando o féretro, levado por catro porteadores e collendo as fitas como era costume, ían José Piñeiro, Manuel Cabanelas, Manuel Lagoa e Benjamín Caamaño.

Joaquín Francisco Graña Rodal foi soterrado no **panteón que mandara construír anos antes** e aínda que a xustiza dixo que continuaría coas pesquisas para esclarecer a morte, esta nunca foi aclarada, **sumíndose este feito no esquecemento** co paso dos anos. Meses despois da morte de Graña, a súa viuva vendería as fábricas de salga.



Xerardo Dasairas

\*Profesor e investigador